

GUÍA DOCENTE DE **HISTORIA DO CANTO**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: HISTORIA DO CANTO									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Canto	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.							3		Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo teórico-práctico da historia da música vocal a través dos/as autores/as e intérpretes, así como da evolución da técnica vocal e das diferentes escolas interpretativas. Estudo dos trazos estilísticos e criterios interpretativos das diferentes épocas e autores/as en relación cos diferentes xéneros.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os adquiridos nas diferentes disciplinas da especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina ten relación directa co resto das disciplinas propias de interpretación no canto (canto, repertorio, concertación, escena lírica, música de cámara e coro), de maneira que se apliquen os coñecementos da mesma analítica e razoadamente na interpretación dos diferentes repertorios, acordos ao xénero, época e autor.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8, T14, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X4, X9, X10, X11, X12, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Analizar a evolución estilística do repertorio vocal ao longo da historia	T1, T2, T4, T8, T14, T16, X9, X11, X17, X18, X26, EI6
Coñecer as metodoloxías existentes para a ensinanza do canto	T1, T2, T4, T8, T14, T16, X9, X11, X17, X18, X26, EI6
Ampliar coñecementos sobre o repertorio e literatura para cada unha das tesituras vocais.	T1, T2, T8, T14, T16, X9, X11, X17, EI6
Relacionar a disciplina co resto das propias do itinerario de canto, para lograr interpretacións adecuadas ao xénero, época e autor.	T1, T2, T14, T16, X9, X11, X17, X18, X26, EI6, EI10
Desenvolver a capacidade de procura de información e documentación, así como a capacidade crítica sobre artigos, escritos e/ou diversos medios audiovisuais.	T1, T2, T4, T8, T14, T16, X4, X9, X10, X11, X12, X17, X18, X26, EI6, EI10
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo e exposición de traballos, tanto ara consulta como para elaboración de material.	T1, T2, T4, T14, T16, X4, X18, X26, EI6

**4. CONTIDOS**

As diferentes escolas

A evolución estilística do repertorio vocal e o estilo interpretativo

As TIC e os seus beneficios no estudio

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: <ul style="list-style-type: none">- Presentación traballos- Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.